



Oración

Marisa Vidal Collazo

Rematamos o foro mirando a este mundo que nos interpela para atopar claves de apertura. De punta a punta da sala colgamos unha corda de tender. Nas cordas de tender ponse a roupa lavada para que o sol e o aire a seque. Poñer a roupa ao clareo é tamén unha forma de branqueala, de darlle luz para que volva á súa cor natural. Límpase e vaise a morriña e o lixo...

Nas cordas de tender facemos comunidade, compartimos as miserias e poñemos as vidas a ventilar.

A primeira clave deste momento de oración, mirando esa corda de tender, dánola a voz de Luísa Villalta, a autora das Letras Galegas deste ano 2024.

A amizade ten flor que rebenta nas paredes,
sobrevive da podremia mutua
e só precisa das fiestras abertas
onde nace e se deita o sol de dentro.
Compartir as cordas de tender a roupa
vibrantes de emoción e de necesidade
por aquelas cousas que a auga da vida
non dá lavado, pola dor que as esfrega
deteriora, volve inúteis
e entón hai que poñelas a secar
ao ar das bocas abertas, xanelas asustadas.

Non é amor no sentido estrito da palabra
senón amor de luz, esa grande indiferencia
que produce estar ao alcance
porta con porta, vida con vida,
coas cordas frouxas, destensadas
máis e máis a medida que a auga do tempo
amolece o tecido irreversíbel
destes corpos nosos, o único que somos.

Luísa Villalta (*Papagaio*)

Toca logo colgar no fío de tender os berros que nos chegan do mundo, as demandas que o mundo nos traslada, eses berros que oímos en canto abrimos a porta da casa e miramos ao redor... Son berros que poñemos ao sol, para que lles dea a luz, para que sequen...

Cada quen nun papel escribe o berro que lle chega do mundo e cólgao cunha pinza, na corda. Escribímolos, como dicía Koldobi, en forma de verbo, chamada á acción:

- Non máis violencia
- Coidar a vida e o planeta
- Poñernos á escoita
- Esperta!!
- Desmilitarizar
- Abrazar a diversidade
- Desacomódate
- Non apagues a torcida que aínda fumea, non esmagues a canivela que aínda ten vida
- Abre os ollos ás inxustizas, dentro da nosa Igrexa
- Protexe as vítimas
- Reanima a terra
- Ninguén sen cariño, ninguén sen coidados, ninguén só

- Non á discriminación
- Liberdade para as mulleres afganas
- Non destrúas a biodiversidade
- Levanta e mira
- Altri non

Recollemos todos os berros e orámosos coa palabras de Manolo Regal

Non, Señor, non,
que nunca o corazón se me arrefría,
que nunca as mans me queden tesas,
nin a palabra afogada aló na gorxa
cando a vida me pasa pola porta.

Non, Xesús, non,
que non simplifique nada,
que non lle responda con banalidades á riqueza da vida,
que non lle peche as portas a nada,
que non me escude de ninguén
cando a diario no que vivo me visitas.

A vida é tan ampla e fermosa!
É tanto o que a diario peta á miña porta!
Son tantos e tan variados os nomes
que se pronuncian cada día na miña presenza!
Como deixalo pasar, Señor,
como permitir que esvare pola codia da miña existencia!

Aséntate en min, Señor,
como ti queres facelo.
Que nada en min enturbe a túa presenza,
a túa luz, a túa claridade.
Que o amor ordene ou desordene
diariamente as cousas da miña vida,
que as encha de eficacia e de alegría.

Deixamos resoar estas palabras no noso corazón, cun momento de silencio.

Rematamos cantando a *Samba da utopía* de Jhonatan Silva

Se o mundo ficar pesado
eu vou pedir emprestado
a palabra poesía.

Se o mundo emburrecer
Eu vou rezar para chover
a palabra sabedoría

Se o mundo andar pra atrás
vou escribir nun cartaz
a palabra rebeldía

Se a xente desanimar
eu vou coller no pomar
a palabra teimosía

De acontecer afinal
De entrar em noso quintal
a palabra tiranía

Pegue o tambor e o ganzá
Vamos para a rúa gritar
a palabra utopía

Marisa Vidal Collazo